

# Socialización profesional e violencia de xénero

ANA IGLESIAS GALDO e ANA SÁNCHEZ BELLO

*«E hora de pensar ó revés: de definir os cambios que se  
deben realizar partindo do fin último ó que se quere  
chegar e non os fins partindo dos medios dispoñibles, dos  
parches inmediatamente realizables»*

(Gorz, 1998: 81)

## **A teoría feminista nos estudos superiores**

Aínda asumindo que, en ocasións, os modelos críticos deixan pouco espazo para poñer de manifesto as contradicións, as incertezas, a variabilidade contextual das prácticas e, por tanto, as demandas específicas relacionadas coa práctica social non sempre son consideradas como asunto prioritarios, defendemos que a teoría feminista, en tanto teoría crítica reflexiva, terá que ser necesariamente nuclear a todo proxecto de transformación social que procure unha nova orde social se situamos a igualdade de xénero no seu centro.

Os estudos de xénero son un claro exemplo de ligazón entre os modos de vida das persoas e a investigación universitaria. O coñecemento científico e a experiencia colectiva son aspectos a destacar para conseguir que a institución universitaria non se ille da vida dos individuos, porque é a mellora do social o obxectivo principal para calquera institución universitaria.

Os estudos de xénero comezaron a implementarse nas Universidades a través dos Women's Studies Americanos. O xerme destes estudos foron os movementos sociais de mulleres que estaban a cuestionar o rol das mulleres na sociedade. Foron os centros universitarios quen integraron esta nova realidade social nos seus currículos.

A elaboración de estudos, de análises e de teorías son imprescindibles para visualizar unha situación de desigualdade e procurar unha solución de cambio. Hoxe en día é constatable o avance significativo destes estudos nas Universidades, non só a través de investigacións senón tamén de materias optativas sobre esta temática, posgraos, cursos de verán etc.

Por tanto, ao cuestionarnos o problema dos estudos de xénero, unha das principais preocupacións é coñecer cal é o papel que desenvolve a universidade na transmisión de saberes técnicos, científicos e culturais e, de maneira moi fundamental cal é o papel que desenvolverá na creación de novos saberes así como na crítica dos xa existentes con motivo de acadar sociedades máis avanzadas en benestar. A conceptualización de «avance social» debe ser entendida coma unha preocupación pola vida das persoas e non coma un caixón onde repousen, única e exclusivamente, intereses económicos e mercantilistas.

A violencia de xénero é un dos temas que, pola súa importancia non debe ser illada do ámbito universitario senón todo o contrario, precisamos un aumento de estudos sobre esta temática co obxecto de coñecer mellor cal é a súa xénese, para deseñar propostas efectivas fronte á violencia contra as mulleres. Neste sentido é tamén papel fundamental da Universidade a difusión deste coñecemento, non só ao alumnado senón á sociedade no seu conxunto.

Parece imprescindible, cando menos nun primeiro momento, o aumento de mulleres científicas que apostan por dar voz ás mulleres, co obxecto de procurar a pluralidade nas categorías epistemolóxicas; non se trata de sumar a perspectiva «feminina» á ciencia androcéntrica, senón de reconceptualizala para que represente a realidade no seu conxunto. O androcentrismo na ciencia dá como resultado a parcialidade desta. Para enfocar a totalidade, é necesario continuar ampliando o enfoque de xénero nas ciencias até o de agora non iluminadas, porque só así podremos visibilizar o amplo espectro da realidade; en efecto, en palabras de Montserrat Moreno «Copérnico non necesitou mudar de planeta para chegar á conclusión de que a Terra non era o centro do universo, senón que recolleu a problemática xurdida con ollos diferentes rexeitando o xeocentrismo» (1993: 19).

Os movementos feministas puxeron de relevo como a ciencia posúe sesgos de xénero que conteñen perspectivas parciais, androcéntricas, o que provoca a imposición da obxectivización do masculino sen considerar o punto de vista das mulleres. A constitución da ciencia androcéntrica supuxo a conceptualización e a configuración dunha perspectiva que marcou o punto de vista dos varóns e que se plasma na estruturación

do pensamento en categorías dicotómicas como son: público e privado, obxectividade e subxectividade, razón e sentimento. A parcelación da realidade así establecida dá lugar a xuízos de valor sobre os aspectos sinalados ao realizar unha xerarquía interesada sobre o socialmente valorado, ao dar preponderancia aos considerados masculinos e silenciar e/ou minusvalorar os considerados femininos. As definicións sociais quedan parceladas nunha gran dicotomización social que enfronta o ámbito feminino e o masculino, o que xustifica a desigualdade implícita das mulleres ao recoñecérselles uns valores femininos (supostamente innatos) aos que se lles outorga pouco valor social. Son as concepcións adscritas ao xénero masculino (o público, o poder, a conquista, a competitividade) as que impregnaron o ámbito científico que, como é sabido, estivo historicamente deseñado desde experiencias masculinas (Harding, 1996 e D. David 1994), o que explica que se tome como referente universal da humanidade ao varón.

Os pais do pensamento occidental teñen estado moi preocupados neste debate. Así, por exemplo Aristóteles, pon a natureza como principio intrínseco da diferenza sexual e, deste xeito, fundamenta o seu ideario sexual no determinismo biolóxico, considerando imposible a modificación das características innatas asociadas a homes e mulleres.

Na Idade Media e Moderna recollerase o testemuño dos ideais e valoracións que se refiren aos sexos e á súa capacidade da antigüidade clásica. A obra de Aristóteles converteuse, no século XIII, en lectura obrigatoria na Universidade de París, triunfando sobre a de autores como Platón (Rivera Garretas, 1994; Allen, 1985).

O discurso médico será unha constante histórica nos argumentos sobre o papel que xogarán as mulleres na sociedade e, neste sentido, o século XVI, é un claro expoñente desta realidade. É neste momento histórico cando os tratados xinecolóxicos e obstetricios se multiplican; facéndoo cunha diferenza fundamental a como se tiñan elaborado até o momento: cambia o discurso medievalista baseado na filosofía aristotélica que afirmaba que as mulleres eran inferiores aos varóns.

A diferenza entre os homes e as mulleres na orde social xustifícase desde a diferenza na orde biolóxica. As diferenzas anatómicas e, sobremaneira, as sexuais, van ser as que definan as diferenzas no referente ás capacidades e ás aptitudes sociais; así, «para xustificar a exclusión da muller da cidadanía, concedida unicamente aos homes adiñeirados que se se supoñen libres, moitos médicos españois do século XIX usan metáforas políticas para representar á muller como un ser fisioloxicamente non libre, escrava da súa natureza biolóxica» (Jagoe, 1998b: 310).

Nas definicións biolóxicas de homes e mulleres, a ciencia do momento tomou un definitivo partido pola diferenza sexual. A matriz considerábase o centro definidor das características femininas, as diferentes partes do corpo estaban, dalgunha maneira, conectadas co seu sistema reprodutivo e por iso, este era o eixo central do comportamento feminino, predeterminado e monopolizado pola función reprodutiva das mulleres (Smith-Rosenberg e Charles Rosenberg, 1984). Neste sentido, a ciencia estivo impregnada da carga ideolóxica patriarcal, ao concienciar a sociedade sobre a incapacidade feminina para os asuntos públicos. Ilustres doutores (como sinalaremos posteriormente) aseguraban que a muller tiña unha disposición natural para os labores domésticos e o coidado familiar, non así para os asuntos públicos que as convertían en masculinas.

A ciencia pasa a ser unha autoridade moi poderosa para xustificar a situación de desvantaxe social en que se acha a muller. Nun momento en que comeza a minguar a credibilidade da Igrexa (nun gran número de países europeos, entre os que non podemos incluír a España), outra forza antifeminista recollerá o seu relevo: a ciencia, que é a nova fonte de poder sobre as consciencias humanas. A dicotomización dos papeis e das funcións sociais en relación ao sexo chéganse a explicar cientificamente. Así, por exemplo, Gustave Le Bon, un dos fundadores da psicoloxía social, comprobaba como unha muller intelixente era tan rara como un gorila de dúas cabezas (Galeano, 1999). As teorías evolucionistas, nun primeiro momento tamén xustifican a diferenza sexual; o maior representante, Charles Darwin, afirmaba que a muller posuía certas virtudes como, por exemplo, a intuición, que eran compartidas por razas inferiores e que as diferenzas sexuais eran máis evidentes canto maior fose a escala da evolución (Bard, 2000).

No século XIX discútense a igualdade de razón entre os homes e as mulleres, ao cuestionar a facultade de razoar sobre a base do estatuto ontolóxico da posesión da alma. Do mesmo modo que Rousseau, no século anterior, se refire á natureza como factor explicativo da diferenza entre os sexos, un século máis tarde séguese a acudir á bioloxía para sinalar a afirmación sobre a incapacidade intelectual das mulleres. É nestes momentos cando se desenvolve a teoría segundo a cal a actividade intelectual é incompatible coa procreación; esta teoría foi pormenorizadamente desenvolvida por Herbert Spencer a finais do século XIX, e viña a xustificar o inadecuado de que as mulleres se dedicasen a asuntos intelectuais xa que desta maneira gastaban as enerxías que debían dedicar á xestación e á crianza dos fillos (Scanlon, 1976). A natureza daba un lugar a cada sexo, lugares cualificados como diferentes, mais iguais canto á importancia da súa función diferencial na sociedade, e a razón guiábase pola diferenza entre as naturezas (Friase, 1991; Cobo, 1995).

Este importante número de argumentos androcéntricos e patriarcais que estaban a deslexitimar as capacidades do xénero feminino para desenvolverse no mundo científico, mudou radicalmente cando as mulleres se incorporaron ao ámbito científico. Esta modificación estereotipada sobre as aptitudes, os intereses e as capacidades das mulleres cara á ciencia acontece fundamentalmente por dous motivos. O primeiro fai referencia á incongruencia do propio principio argumental polo que as mulleres non tiñan capacidade para desenvolver, con igual rigorosidade que os homes, as diferentes áreas científicas. O traballo diario destas mulleres cuestionaba o conglomerado argumental sobre a súa capacidade, pois a súa práctica diaria estaba a amosar todo o contrario. A suposta inferioridade das mulleres mudou radicalmente cando se incorporaron ao mundo da ciencia un número igual de mulleres que de homes.

En segundo lugar, as mulleres científicas saben que para ser visibles no seo da ciencia teñen que o ser tamén en calquera outro ámbito social. A inxustiza de non ser recoñecidas por facer, cando menos, un traballo igual que os seus compañeiros, crea nelas un sentimento de abuso, mesmo de inmoralidade que fará que moitas delas se propoñan como unhas ferventes activistas defensoras da reivindicación dos dereitos das mulleres.

Ambos os dous motivos serán razón de máis para que moitas das mulleres que están a traballar no eido da ciencia loiten por incorporar nas súas respectivas áreas, novos contidos que modifiquen os ámbitos tradicionais da ciencia impregnados pola misoxinia e os estereotipos, máis que pola igualdade e a razón.

### **A incorporación da violencia de xénero como temática científica**

A investigación académica que se realiza desde a perspectiva de xénero ten sido modificada no que se refire ás capacidades e ós intereses das mulleres con respecto á ciencia. Neste sentido a ciencia ten estado impregnada dunha carga androcéntrica que, neste período histórico en que nos toca vivir comeza a ser cuestionada. A ciencia, como vimos de explicar, foi un instrumento de enorme valor para xustificar a dependencia das mulleres dos varóns así como da argumentación sobre as capacidades, os intereses e as aptitudes das mulleres cara o espazo privado-doméstico.

A miúdo a ciencia é pensada coma un ente abstracto, inmanente, incontestable, sen poñer en dúbida que ó ser realizada por persoas que posúen unha carga de pensamento e ideoloxía propia, motivo polo que sofre unha forte carga de valores e de xuízos previos sobre a masculinidade e a feminidade, podendo afirmar que a neutralidade do

coñecemento supón a lexitimación do androcentrismo. A inclusión masiva das mulleres en certos campos científicos supuxo a modificación das categorías científicas.

O coñecemento científico non é un froito estático senón que se vai realizando un proceso de actualización en función das demandas da propia comunidade social. A ciencia presupón unha determinada maneira de interpretar o mundo en cada época histórica, cos medios tecnolóxicos que se obteñan nese momento e coa carga ideolóxica que provén dun contexto, dun individuo ou dun colectivo.

A inclusión da perspectiva de xénero no campo científico significou unha nova maneira de interpretar o coñecemento, de pensar sobre el, ao poñer en cuestión a suposta neutralidade e obxectividade científica; aquela que afirmaba que o suxeito que investigaba «coñecía» independentemente do seu sexo. O positivismo afirmaba que a obxectividade científica non podía ser posta en cuestión pois era impensable que existisen formas de interpretar a realidade que estaban permeabilizadas polas cuestións de xénero.

A teoría feminista, canto teoría crítica, veu a cuestionar os fundamentos do paradigma positivista ao afirmar que, de acordo coas correntes críticas da filosofía da ciencia, esta é unha actividade humana que, como tal, está imbuída das condicións económicas, sociais e culturais da sociedade en que se desenvolve, así como das características persoais dos individuos que desenvolven a actividade científica.

As análises que se desenvolvían sobre a violencia de xénero non foi allea a esta realidade, dado que non se consideraba un asunto o suficientemente significativo como para ser investigado con criterios científicos. A formulación sobre o obxecto de estudo xa estaba pois impermeabilizado pola desigualdade de xénero. Nun segundo momento no proceso da investigación achámonos con que os postulados teóricos sobre os que se realizaban as análises sobre violencia contra as mulleres estaban tamén a partir de principios patriarcais, ao interpretar a violencia como unha «parte da relación amorosa» en lugar de facer desta realidade unha cuestión de desigualdade de poder entre xéneros.

Os estudos de xénero realizan dúas contribucións imprescindibles á ciencia que teñen unha especial repercusión nesta temática:

1. Analizar criticamente as construcións teóricas patriarcais, ao sacar á luz a voz silenciada das mulleres e as súas situacións vitais.

2. Acuñar novas categorías analíticas co fin de explicar aspectos da realidade que non foran considerados até o momento, alén da reconsideración do significado dado á violencia contra as mulleres, á división sexual do traballo, á naturalización da división público/privado ou á achega gratuíta á sociedade do traballo das mulleres.

Unha das primeiras accións desenvolvidas no ámbito científico desde unha perspectiva feminista foi desvelar a diferenza entre sexo e xénero, facendo fincapé en que o xénero é unha categoría analítica que serve para desvelar patróns culturais. Estes patróns culturais configuráronse desde a diferenza sexual biolóxica, e sobre ela, tense construído a institucionalización da desigualdade social entre os homes e as mulleres.

Os papeis sociais constituídos xenericamente están a ser modificados máis as desigualdades persisten, aínda hoxe en día, baixo a retórica publicitaria de ter conseguido unha sociedade igualitaria, o que obriga a realizar análises cada vez máis precisas, que esixen da rigorosidade dun método científico que axude a visibilizar a desigualdade por razón de sexo-xénero.

Para a consecución deste obxectivo o concepto de ciencia así como as metodoloxías utilizadas necesitan ser despregadas á luz das prácticas profesionais, pois é ao comprobar cal é a distancia entre as teorías e as prácticas que poderemos deseñar as novas rutas para camiñar na igualdade.

### **Repensar os modelos profesionais do social**

«O social» entendido con Castel como «o conxunto de dispositivos despregados para compensar os déficits de recursos necesarios para vivir en sociedade polos seus propios medios» (2003: 20) e que remite, seguindo a Deleuze «a un sector particular en que se inclúen, de ser preciso, problemas moi diversos, casos especiais, institucións específicas, todo un persoal cualificado (asistentes «sociais», traballadores «sociais», educadores «sociais») (1998: 233) vai ser o ámbito que queremos enfocar. Propoñémonos analizar a cuestión social entendida como «a distancia que media entre as constitucións democráticas e a realidade dunha vida social marcada por grandes desigualdades económicas, sociais e políticas» (Álvarez-Uría e Varela, 2004: 16).

Dado que a agresión é a conduta concreta dun agresor contra unha «víctima», podemos afirmar que o dereito contribúe a individualizar os conflitos sociais e, por extensión,

as prácticas profesionais que, reunidas baixo o paraugas do social, forman parte da súa configuración.

Así mesmo, as culturas profesionais practicadas arredor do «social» comparten o feito de ter como principal foco de intervención a unha persoa en particular, polo que a relación persoal se impón como imprescindible o que, unido á urxencia das respostas a corto prazo, acaba por xerar actuacións individuais sobre os efectos a costa de deixar para un segundo momento a análise sobre as causas; o que contribúe á súa vez a deixar intactas as estruturas que os xeran.

Este modelo práctico individualizador está en íntima relación co papel asignado aos profesionais da acción social como axentes que garanten o status quo da sociedade, o que lles xera certo malestar, en tanto non parecen ter nunca as chaves ou o poder necesario para pasar do modelo baseado na insuficiencia persoal a outro centrado na opresión, na desigualdade social. Imos historizar brevemente esta ambivalencia da identidade profesional dos traballos adxectivados co «social», pois mesmo a toma de conciencia deste estatuto contradictorio abre a posibilidade da procura de modelos alternativos.

O malestar dos profesionais do «social», lonxe de ser un problema recente, está inscrito na natureza mesma da profesión desde a súa institucionalización a finais do XIX, no marco do Estado interventor. Como brillantemente explican Varela e Álvarez-Uría (1997: 169-190), a crise dos modelos de intervención social, deriva dunha ambivalencia de fondo que ten vellas e profundas raíces e que se perpetúa até a actualidade: era preciso promover o cambio mais sen alterar a orde; era necesario intervir mais sen que os especialistas da práctica chegasen nunca a posuír as chaves últimas da súa intervención. Estes especialistas recibiron para o exercicio das súas funcións un mandato social que responde ó imperativo constitucional da igualdade, mais á vez non poden en realidade ir máis alá duns límites preestablecidos que implican de feito o recoñecemento das desigualdades. O traballo social, os modelos de intervención social que existiron desde o XIX ata a actualidade, oscilan por tanto entre o control social e a inserción, e é xustamente este estatuto contradictorio o que provoca o desánimo e o que será preciso superar no futuro

Hai pouco máis dun século, o espazo social emerxía así, nunha terra de ninguén, como un apéndice, nun espazo que se pretendía neutro. A intervención social tiña por obxecto reparar as fracturas asignadas a individuos de determinadas clases e grupos socialmente relegados pero sen alterar en profundidade a lóxica de fondo que as xeraba. A profesionalización deste espazo que se sustentaba entre os saberes das ciencias



sociais e os valores propios da filantropía, tiña por mandato reparar as fracturas sociais da miseria mais sen alterar en profundidade a lóxica de fondo que as xeraba. Esta ambivalencia de fondo baseada en promover o cambio sen alterar a orde, oscilante entre o control e a inserción, perpetuase até a actualidade e impón como modelo hexémónico na intervención social o denominado psicolóxico-profesional que, respondendo ao modelo de estudo de casos, ao entronizar a relación dual, contribúe a diluír os conflitos sociais.

Este modelo profesional de gabinete, funcionando en base a unha relación xerárquica, parece estar superado, e desde logo non se defende como un instrumento eficaz para loitar contra a desigualdade. Non entanto, dado que as rutinas teñen o desagradable costume de parecer case sempre claras, transparentes e non problemáticas, é de partir deste pasado recente para saber que hai de antigo e que de novo nas rutinas das prácticas actuais.

Dado que unha gran parte das propostas de formación continua son espazos privilexiados para a socialización profesional, para compartir experiencias, para visibilizar as culturas de traballo; propoñémonos partir delas, das culturas de traballo que dan senso e especificidade ás prácticas para poder así repensar o sentido e a natureza do que se consideran elementos de identidade profesional.

Esas culturas de traballo que caracterizan a praxe son o que James Gee denomina *mítos principais do grupo social* e que, en palabras do autor «ocultan outras formas de pensar e chegan a parecer inevitables, naturais, normais, prácticos, de sentido común, aínda que outras culturas e persoas noutras épocas da historia as considerasen raras, innaturais, violacións do sentido común» (2005: 101). O feito de que, a miúdo non se teña conciencia deste tipo de xeneralizacións sobre as que descansan as nosas decisións, fai que grande parte do pensamento profesional o realicen as institucións sociais, mais coa particularidade de que poden danar as persoas.

Como nos advirte Gee, todos operamos con teorías tácitas en todo momento e faría falta moito máis tempo que o dunha vida para formulalas todas, mais debemos de formulalas cando as circunstancias ou outras persoas as cuestionan ou cando chegamos a lamentar as súas consecuencias éticas (2005: 32).

Describir as prácticas discursivas, que frecuentemente se asumen como obvias, supón ver máis alá das evidencias, require un marco teórico que convirta algunhas das rutinas da práctica en fonte de investigación, isto é, en problemas teóricos. Utilizaremos os discursos das persoas expertas para que os seus interrogantes críticos mobilicen o

que tantas veces desde a práctica damos por sentado, e non consideramos necesario someter a reflexión. Pensamos que con propostas deste tipo os profesionais convértense en intelectuais, no senso dado por Wrigth Mills (1993) «aprender a usar a experiencia da vida no traballo intelectual, examinándoa e interpretándoa sen cesar».

Así, fronte ao traballo social tradicional que, como explica Healy (2001: 13) asume a culpabilidade individual nas circunstancias persoais e sociais difíciles ás que se enfrontan os usuarios dos diferentes servizos sociais, podemos ir tecendo o traballo social crítico caracterizado por dirixir as prácticas cara á eliminación das causas estruturais orixinais dos problemas aos que se enfrontan os beneficiarios destes servizos.

Propoñemos que as prácticas poden ampliar as teorías críticas, terse en conta para a construción de novos saberes. Utilizaremos a práctica para interrogar a teoría e vice-versa, en tanto que, como ben apunta Healy «nin unha nin outra poden dicirnos toda a verdade, pero unidas poden fomentar a comprensión e a acción a respecto das verdades e a heteroxeneidade das prácticas do ámbito social, aparecen as posibilidades democráticas de construír teorías acerca das prácticas do traballo social (Healy, 2001: 76).

### **Influencia da teoría feminista na práctica profesional**

O desmantelamento do estado de benestar contribúe en gran medida a despolitizar as prácticas do denominando «social» e apela a unha simplificación do traballo a medida que o seu papel queda reducido a «casos», a poñer tiritas que, a modo de parches, tapan a posibilidade de pensar noutros futuros.

Escoller «o social» como tema de estudo, como actividade profesional, e a xustiza social como reto polo que merece a pena comprometerse, conleva querer mirar a vida social cunha mirada intempestiva, unha mirada cuestionadora da orde social existente en todo o que ten de inxusto e discriminatorio; supón tomar unha actitude oposta á comodidade, ás respostas simplistas, ao mal entendido profesionalismo.

Este compromiso obriga a explicar as teorías que sustentan as prácticas, facelas explícitas e emprender o tipo de reflexión, de discusión e de investigación que permite converterse en profesionais críticos que, como apunta Wilfred Carr «buscan emanciparse da súa dependencia de prácticas que son produto do costume e a tradición, desenvolvendo formas de análise e de investigación orientadas a expoñer e examinar

as crenzas, valores e supostos básicos implícitos no marco teórico mediante o que os profesionais organizan as súas experiencias» (1999:59).

Deseñamos esta obra pensando nun fragmento do social, nese que comparte o propósito de loitar para rematar coa violencia de xénero, coa finalidade de visibilizar os posibles efectos inxustos que, a pesar de non ser pretendidos, puidesen roldar este ámbito, no convencemento de que «a construción democrática necesita brío e para iso é necesario remover incansablemente do sistema xurídico tódolos freos discriminatorios que reforzan as desigualdades entre os seres humanos» (Fries e Matus, 1999).

Para conseguir este propósito urxe adoptar unha visión integral do dereito, como un sistema xurídico que vaia máis alá da letra da lei e que recolla as contradicións entre a norma escrita, a súa aplicación práctica e a interpretación desta, o que implica considerar as perspectivas, as experiencias e as limitacións tanto dos distintos profesionais da xustiza como das persoas usuarias. Como ben explica Alda Facio, para realizar unha análise integral dos fenómenos xurídicos requírese analizar os seus efectos, non só a súa redacción, o que obriga a adoptar un triple enfoque, a saber:

- O compoñente formal-normativo, isto é, a norma *agendi*, é dicir, a lei formalmente promulgada.
- O compoñente estrutural, centrado nas institucións que crean, aplican e tutelan as normas, o que implica visibilizar a interpretación que estas institucións fan desas leis formalmente xeradas.
- O compoñente político-cultural que fai referencia, non tanto ao coñecemento formal da lei, senón aos significados que o social amplo lle outorga, isto é, o que a xente cre que di. (1992: 73).

Así, adoptando como tema nuclear a violencia de xénero, as autoras deste libro ofrecen argumentos que, a modo de pegadas, posibilitan unha comprensión renovada sobre un asunto que segue a ser unha das principais lacras da sociedade actual.

Baixo o título «A ideoloxía da violencia», **Luisa Posada Kubissa**, experta sobre das consideracións críticas que o discurso feminista contemporáneo veu elaborando sobre o papel que o dereito xoga na reprodución da desigualdade entre os sexos, coa agudeza que a caracteriza, abre o seu capítulo cunha pregunta incómoda, ao poñer en cuestión se pode o dereito, na súa vertente de dereito penal, ser unha vía suficiente para erradicar a violencia sexual. O seu interese é o de facer unha aproximación ao problema da violencia contra as mulleres, partindo para iso dalgunhas reflexións actuais, que se derivan do uso da teoría feminista como teoría crítica. Este enfoque pon de

manifesto que a violencia sexual se comprende como parte dun sistema de dominación e das súas prácticas de dominio. Se isto se acepta, resultará máis doado convir en que a violencia contra as mulleres non é tanto unha lacra que afecta ao conxunto da vida político-social, canto un efecto que esta mesma segue xerando e, por ende, que o rexeitamento non é análise crítica. Fronte ás teses esencialistas que pretenden ler a violencia de xénero coma se fose un problema redutible á orde simbólica feminina, tanto que orde rexida polo valor da maternidade, a autora ofrece sólidos argumentos para entender que tipo de discurso sobre a violencia sexual será facer discurso crítico, un discurso polo que a violencia contra as mulleres debe ser entendida sempre como violencia estrutural.

Na actualidade existe un amplo consenso social en que a violencia contra as mulleres é un feito cultural das sociedades patriarcais, isto non foi así até hai moi pouco tempo (poderíamos situalo a finais do século XX). O feito de que a violencia contra as mulleres non tivese a consideración de problema social fixo, entre outros moitos elementos, que este tipo de violencia non tivera ningún respaldo lexislativo específico. Deste modo podemos apreciar como as modificacións lexislativas que se teñen desenvolvido están en consonancia coas diferentes interpretacións sobre a calidade da violencia contra as mulleres. A profesora **Ana Aba** proponnos un interesante percorrido histórico deténdose naqueles momentos caracterizados pola escasa posibilidade das mulleres para exercer os seus dereitos. Non será até 1980 cando se declare institucionalmente que a violencia exercida contra as mulleres é un crime. A partir desta declaración da ONU comeza un importante camiño histórico cara a concreción dun marco xurídico que protexa as mulleres da violencia que se exerce contra elas. En España este marco xurídico concretase na Lei orgánica contra a violencia de xénero de 28 de decembro de 2004. A autora realizará unha pormenorizada análise do contido da referida lexislación, achegando unha clarificadora visión de cada un dos puntos en que se materializa.

Unha das cuestións máis «debatidas» nos medios de comunicación ao abeiro da Lei orgánica contra a violencia de xénero foi que se recollese de maneira diferenciada o suxeito pasivo muller ao dar unha resposta punitiva máis contundente que se fose home. Esta penalización diferenciada en función do sexo está baseada na figura da «acción positiva» e, no artigo realizado pola profesora **M.<sup>a</sup> Ángeles Barreré** faise referencia á argumentación sobre a importancia desta figura para contrarrestar a situación de desvantaxe social que sofren as mulleres. A autora realiza unha completa e rigurosa crítica á cultura xurídica en canto que a violencia de xénero non é entendida neste ámbito como un feito ancorado na sociedade patriarcal, é dicir, nun sistema de dominio sobre as mulleres. A falta de interpretación social da realidade das mulleres

desemboca na falta de aceptación da acción positiva no sistema xurídico. A autora vén a argumentar como a acción positiva é unha medida política antidiscriminatoria, polo que considera imprescindible desenvolver conceptos clarificadores sobre a discriminación co obxecto de que poida ser ben interpretada polos axentes sociais, especificamente do ámbito xurídico.

Baixo o título «A Lei orgánica contra a violencia de xénero e a creación dos xulgados de xénero. Un asesoramento sobre a eficacia da loita contra a violencia e do impacto na vida das mulleres» **Ana M.<sup>a</sup> Pérez del Campo Noriega** comeza considerando o nacemento desta lei como unha lei cuxa normativa recolle toda a complexidade da violencia sexista partindo da raíz delituosa deste tipo de conduta, e que atende á incansable iniciativa que viñan reclamando as diversas asociacións feministas de mulleres dunha lei que se propuxese como finalidade a erradicación da violencia de xénero apoiándose nas recomendacións dos organismos internacionais que instaban os gobernos a articularen unha resposta global á violencia sistemática contra as mulleres. Logo de profundar no texto lexislativo, a autora vai máis alá deste e dirixe a súa ollada á súa aplicación, dando conta tanto dos obstáculos e campañas contra a lei, como da súa aplicación irregular nos xulgados, o que considera, resta eficacia práctica ás súas disposicións.

A criminoloxía é o prisma que adopta **María José Benítez Jiménez** no capítulo «Criminoloxía e violencia contra a muller no fogar», ao defender que debido ao carácter inter e multidisciplinar desta disciplina, permite enfocar o tema da violencia cara as mulleres, nas relacións de parella, con maior nitidez que outras ramas do saber que profundan máis no particular que no global e que perseguen máis unha resposta parcial, que se adecúe ao seu dogma, que unha resposta completa e complexa que poida contribuír a xerar novas propostas para a súa erradicación. Tras realizar un breve percorrido polas principais teorías criminolóxicas explicativas da violencia na familia, pasa logo a explicar as diversas formas en que pode materializarse o maltrato á muller no fogar, para posteriormente centrarse nas principais consecuencias psicolóxicas que xeran este tipo de agresión doméstica. Considera que protocolizar actuacións é unha forma de previr e intervir sobre o maltrato doméstico, polo que fai unha selección de instrumentos de medida e valoración do risco de violencia conxugal, aínda que destaca como imprescindible a necesidade dunha maior concienciación dos profesionais implicados para a súa erradicación.

Como é ben sabido a violencia de xénero afecta a mulleres de toda condición, clase social, etnia, confesión, nacionalidade ou idade, será este último aspecto o que se analice no texto escrito por **Sara Vicente**. Existe unha idea socialmente xeralizada

que leva a crer que as mulleres novas viven nunha sociedade máis igualitaria e que, por tanto, a elas non lles afecta a violencia de xénero. Máis esta suposición non está no certo pois, sendo verdade que as mulleres novas participan dunha sociedade menos sexista que a das súas nais ou avoas, a violencia de xénero segue a ser unha lacra entre a xuventude. Os datos que nos achega neste capítulo, veñen a corroborar que a porcentaxe de feminicidios entre as mulleres menores de trinta anos é escalofriante. A achega da autora para poder paliar esta denigrante realidade atópase nas intervencións preventivas, especialmente nos centros educativos, por ser a institución pola que obrigatoriamente pasan todos os individuos en idade escolar. Enténdese, pois, a escola coma un lugar de educación e non unicamente de instrución, de educación en valores antidiscriminatorios, de igualdade real entre os homes e as mulleres, de convivencia pacífica e con dignidade eliminando os actos violentos a través da crítica dos modelos masculinizantes. Mais a autora non se queda só nos procesos de prevención, senón que tamén trata a intervención terapéutica, aportando información sobre a onde recorrer cando unha rapaza ten sido violentada física ou psiquicamente.

Parécenos esta unha obra necesaria, pois estamos convencidas de que as reflexións vertidas neste libro contribúen a ampliar os coñecementos, desenvolver formas de pensar máis formadas, máis libres de rutinas, que posibilitarán praxe socioeducativa máis esixente na denuncia do sistema patriarcal; novas prácticas políticas que asignen ao feminismo unha posición nuclear e, quizais este novo discurso, só poida nacer da comprobación dalgúns dos efectos inxustos que producen certas rutinas, dun compartido sentimento de procurar o cambio de modelo que pase da insuficiencia á opresión, do mantemento do *statu quo* á crítica activa (feminista), do control ao cambio: Tome-mos a palabra! Reinventemos as prácticas!

## **Bibliografía**

Allen, Prudence (1985). *The Concept of Woman: the aristotelican revolution: 750 B.C.-A.D. 1250*.

Álvarez-Uría, Fernando e Varela, Julia (2004). *Sociología, capitalismo y democracia*. Madrid: Morata.

Bard, Christine (2000). «Los antifeministas de la primera ola» en Christine Bard, *Un siglo de antifeminismo*. Madrid. Biblioteca Nueva.

- Caine, Bárbara y Sluga, Glenda (2000). *Género e historia. Mujeres en el cambio sociocultural europeo, de 1780 a 1920*. Madrid. Narcea.
- Carr, Wilfred (1996). *Una teoría para la educación*. Madrid. Morata.
- Castel, Robert (2003). *L'insécurité sociale. Qu'est-ce qu'être protégé?* Éditions du Seuil et La République des Idées.
- Cobo Bedia, Rosa (1995). *Fundamentos del patriarcado moderno. Jean Jacques Rousseau*. Madrid. Cátedra.
- Deleuze, Gilles (1998). «El auge de lo social». Epílogo á obra de Jacques Donzelot, *La policía de las familias*. Valencia: Pre-Textos.
- Facio, Alda (1992). *Cuando el género suena, cambios trae. Metodología para el análisis de género del fenómeno legal*. Ilanud.
- Facio, Alda e Fries, Lorena (Editoras) (1997). «Feminismo, género y patriarcado». En *Género y derecho*. La Morada. Colección contraseña. Estudios de Género.
- Fraisser, Geneviève (1991). *Musa de la razón*. Madrid. Cátedra.
- Galeano, E. (1998). *Patas arriba. La escuela del mundo al revés*. Madrid. Siglo XXI.
- Gee, James (2005). *La ideología de los discursos*. Madrid. Morata.
- Harding, Sandra. (1996). *Ciencia y feminismo*. Madrid. Morata.
- HEALY, Karen (2001). *Trabajo social. Perspectivas contemporáneas*. Madrid. Morata.
- Jago, Catherine (1998). «La misión de la mujer» en Catherine Jago; Alda Blanco y Cristina Enríquez de Salamanca, *La mujer en los discursos de género. Textos y documentos en el siglo XIX*. Barcelona. Icaria.
- Larrosa, Jorge (1995). «Tecnologías del yo y educación. Notas sobre la construcción y la mediación pedagógica de la experiencia de sí» en LARROSA, Jorge (Editor) *Escuela, poder y subjetivación*, La Piqueta, Colección Genealogía del poder, 1995, p. 328.

- Mills, Wrigth (1993). *La imaginación sociológica*. Fondo de Cultura Económica.
- Moreno, Montserrat (1993). *Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela*. Barcelona. Icaria.
- Rivera Garretas, Margarita (1994). *Nombrar el mundo en femenino. Pensamiento de las mujeres y teoría feminista*. Barcelona. Icaria.
- Scanlon, Geraldine (1976). *La polémica feminista en la España contemporánea*. Madrid. Siglo XXI.
- Scott, Joan (1993). «La mujer trabajadora en el siglo XIX» en Georges DUBY y Michelle Perrot. *Historia de las mujeres. Tomo IV*. Madrid. Taurus.
- Smith-Rosenberg, Carol y Rosenberg, Charles (1984). «El animal hembra: puntos de vista médicos y biológicos sobre la mujer y su función en la América del siglo XIX» en Mary NASH (edit) *Presencia y protagonismo. Aspectos de la historia de la mujer*. Barcelona. Serbal.
- Varela, Julia e Álvarez-Uría, Fernando (1997). «En torno a la crisis de los modelos de intervención social» En *Genealogía y Sociología*. Ediciones El Cielo por Asalto.